

#Pensións con futuro

■ Acordo da mesa de diálogo social en materia de seguridade social e pensións 2021



CLAVES DUN ACORDO HISTÓRICO

1 PENSIÓNS SUFICIENTES

Derrógase a reforma de 2013. De agora en diante, as pensións revalorizaranse conforme ao IPC e derrógase o factor de sostibilidade.

2 PENSIÓNS SOSTIBLES

Aumentan e garántense os ingresos do sistema: transferencias do Estado (2 % do PIB) e máis cotización por ingresos reais de autónomos/autónomas.

3 PENSIÓNS MÁIS XUSTAS

Xubilación anticipada: redución xeneralizada de coeficientes e maior equidade nas regras de xubilación voluntaria e involuntaria.

4 NOVOS DEREITOS

Recoñécense novos dereitos a mulleres, parellas de feito, mozos bolseiros e bolseiras, fixos-descontinuos.



1) Pensións suficientes

Derrogación da reforma de 2013: pensións suficientes e dignas para todas/os: devólvese o noso sistema de pensións á garantía de pensións xustas, dignas, suficientes e sostibles.

- Revalorización co IPC: garántese o mantemento do seu poder adquisitivo. Engádese unha garantía para que a pensión non baixe en caso de anos con inflación negativa.
- Derrógase o factor de sostibilidade. Canto máis novo sexas, máis te be-

neficia esta medida. Se naciches arredor de 1960, o efecto sobre a túa pensión é un incremento do 5%; en 1970, o incremento é do 10%; en 1980, o incremento é do 15%; en 1990, o incremento rolda o 20%.

- Cláusula salvagarda 2011 indefinida. Beneficia a miles de persoas que foron despedidas na crise de 2008 e non volveron a atopar traballo e necesitan esta cláusula para poder acceder á xubilación.




2) Pensións sostibles

Garantía de ingresos adicionais: pensións sostibles. Como se van financiar as pensións?

- Transferencias do Estado. O Goberno realizará unha transferencia todos os anos a través dos Orzamentos Xerais do Estado de arredor dun 2% do PIB. Isto garante a metade do incremento das pensións ata 2050.
- Cotización por ingresos reais para autónomos/as: un mecanismo de cotización xusto polo que achega máis quen ten ingresos máis altos e menos quen os ten máis baixos.

O Goberno do Estado renova o seu compromiso como garante do sistema público de pensións mediante transferencias anuais nos orzamentos



3) Pensións máis xustas

MÁIS DEREITOS NA XUBILACIÓN ANTICIPADA

- O obxectivo é que ninguén perda coas novas regras e, ademais, permite que gañen en dereitos os traballadores e traballadoras en peor situación e condicións máis precarias.
- Equipáranse os dereitos recoñecidos polos períodos do servizo social mínimo obrigatorio aos que xa tiñan os do servizo militar para acceder ás distintas modalidades de xubilación anticipada.
- Rebáixanse todos os coeficientes reductores, que agora se aplican por meses (cada mes que se atrase a xubilación, recoñécese unha pensión máis alta).


Xubilación anticipada involuntaria

- Pódena utilizar as persoas que foron despedidas e permite adiantar ata catro anos a idade de xubilación. Ten as seguintes características:
- Amplíanse as causas de despedimento para acceder a esta modalidade a todas as causas obxectivas. Estas persoas eran tratadas como “falsos voluntarios” e agora amplíase o seu dereito a anticipar a xubilación ata os catro anos e fano con menor coeficiente reductor.
 - Amplíase o acceso aos seus coeficientes aos “falsos voluntarios” que perciben o subsidio de desemprego durante, polo menos, tres meses. Agora acceden a pensións de maior contía.
 - As persoas con carreiras de cotización máis longas (a partir de 44 anos e medio) agora acceden a coeficientes rebaxados por debaixo do “coeficiente de equilibrio” e melloran a contía da súa pensión nestes tramos.

Xubilación anticipada voluntaria

Pódea utilizar quen ten traballo ou o perde de forma voluntaria e decide xubilarse ata dous anos antes da súa idade de xubilación. Os coeficientes redutores melloran de forma xeneralizada e teñen as seguintes características:

- Os coeficientes redutores melloran de forma xeneralizada. En todos os casos a partir dos 22 meses de anticipo, dando lugar a unha pensión superior á que deriva da lexislación previa á reforma. Mantéñense igual ou melloran tamén nos meses 24 e 23 das carreiras máis longas (44,5 anos cotizados), e son peores ca os actuais no mes 24 (sensiblemente) e 23 (de forma moi moderada) para as carreiras de cotización inferiores a 44,5 anos.
- As traballadoras e traballadores que teñen unha base reguladora inferior á pensión máxima (2704 €/mes) non teñen ningún cambio na forma de calcular a contía da súa pensión.
- Os traballadores e traballadoras que teñen unha base reguladora superior á pensión máxima (2704 €/mes) terán agora uns novos límites máximos de contía ligada ao aumento da base e a pensión máximas. O novo mecanismo posibilitará que coticen máis en función dos seus salarios



- O 50% das persoas que se xubilan por esta vía fano con 24, 23 ou 22 meses de anticipo. De modo que, movendo a súa idade de xubilación 1-2 meses, manteñen o dereito cunha pensión máis alta ca a que terían coas regras anteriores.
- Outro 50% faino con 21 meses ou menos e beneficiaríanse de melloras xeneralizadas.
- No peor dos casos, a contía da pensión mellora respecto da que se recoñecía antes accedendo á xubilación a partir do mes 22 de anticipo.

reais e poidan optar por unha pensión máis alta se se xubilan na súa idade ordinaria ou a mesma pensión que terían agora se optan por xubilarse anticipadamente.

Garantías do Acordo para asegurar que ninguén perde coa reforma: cláusula de salvagarda

- Para garantir que ninguén perde coa reforma, establécese unha fórmula de dobre cálculo da pensión para as persoas que se xubilan anticipadamente (coas regras anteriores e as novas) e recoñécese a pensión máis alta.
- Os novos límites da pensión máxima non se aplicarán ás persoas que extinguisen o seu contrato por calquera causa e non volvan a estar de alta máis de 12 meses, nin tampouco ás que concertasen a súa saída na empresa (por un ere, convenio colectivo, acordo empresa ou concurso) antes da entrada en vigor da reforma (2022).



Xubilación anticipada por traballo penoso, tóxico, insalubre ou perigoso

Pódeas utilizar para anticipar a idade de xubilación sen minoración da contía da pensión, quen traballa en determinadas actividades:

- Acórdase a aplicación do procedemento de xubilación anticipada por penosos a todas as actividades que se atopan en lista de espera.
- Haberá un novo procedemento de

solicitud acordado entre sindicatos e empresarios.

- Acordarase no marco do diálogo social unha revisión dos indicadores obxectivos que midan a penosidade.
- Establécese un procedemento participado (administración, sindicatos e empresas) de revisión dos coeficientes redutores cada dez anos.

Xubilación forzosa

Con carácter xeral, só se poderá utilizar de forma que afecte a persoas con 68 anos de idade e que teñan dereito a pensión completa e sempre que se contrate, polo menos, unha persoa no seu lugar.

As cláusulas incluídas en convenios colectivos actualmente en vigor manterán a súa aplicación ata tres anos despois de que remate a vixencia do convenio colectivo.

Xubilación demorada

Consólídase en todos os casos o coeficiente de incremento do 4 % na contía da pensión e posibilitase o cobramento nun pagamento único.

Xubilación activa

A partir de agora, só se poderá acceder a esta modalidade de xubilación se se demorou voluntariamente a xubilación, polo menos, un ano.

4) Novos dereitos

O acordo inclúe unha serie de medidas adicionais orientadas a mellorar os dereitos de protección social e cotización de varios colectivos. Novos dereitos:

Cotización de todos os bolseiros/as

Avánzase no dereito de cotización de bolseiros/as iniciado no Acordo de Pensións de 2011. No prazo máximo de tres meses, procederase ao desenvolvemento regulamentario co que se garante a cotización efectiva ao sistema

de seguridade social das persoas que realicen unha práctica formativa, aínda que non teña carácter remunerado, de calquera das seguintes modalidades:

- Todas as prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación.
- Prácticas non laborais en empresas.
- Prácticas académicas externas.

Equiparación da viuvez de parellas de feito

No prazo de seis meses regularase a “equiparación” das condicións de acceso deste colectivo ao das parellas constituídas en matrimonio.

Incapacidade temporal dos fixos-descontinuos

Refórmase a normativa de Seguridade Social para garantir que a contía da prestación se corresponde co salario realmente percibido polo traballador/a no seu período de actividade real.

Convenios de coidadoras/es de dependencia

Corríxese o problema técnico que rebaixaba a cotización das persoas que reducen a súa xornada para atender un familiar en situación de dependencia.

Refórmase a norma de cotización para permitir que estas persoas manteñan a base de cotización en termos equiparables a como o fai o seu salario e así non ver reducido o seu dereito a pensión.

Creación da Axencia Estatal de Seguridade Social

Compromiso de que, no prazo de seis meses, se aprobe un proxecto de lei para a creación da dita Axencia.

Desde CCOO exporemos neste sentido a conveniencia de que a Axencia inclúa a todas as entidades xestoras e servizos comúns do sistema de seguridade social, e que sexa dotado de persoal suficiente.

